



ENTROIDO E OUTRAS NOVAS DA A.N.P.A. OS PAIS E NAIS DO FLEMING.

A demolición do novo cole é xa unha realidade. A ANPA trasladou a súa oficina ó **I.E.S. O Castro**, onde amablemente nos acolleron. Estamos na **sala de tutoría nº 2**. O horario os pais e nais é **Luns 9:00 a 9:45, e Martes e Xoves das 18:00 ás 18:30**. Si necesitas, podes deixarnos notas ou suxestións a traveso da Secretaría do Colexio e tamén a traveso do email **anpafleming@yahoo.es** (por certo, temos novidades na nosa web <http://es.geocities.com/anpafleming/>).

A A.N.P.A. vai organizar unha festa co gallo do entroido no Pavillón Municipal de Travesas. Para poder facer realidade esta idea, necesítanse voluntarios para botar unha man. O **mércores 10 de febreiro, ás 17 horas na oficina actual da ANPA temos reunión** para falar disto, e tirar da idea para diante (se non podes vir, pero desexas colaborar, deixa o teu nome e tfno. na Secretaría do Colexio). A festa vai ser gratuíta para os socios da ANPA, e custará 1 € para os non socios. Teremos concurso de disfraces, conta-contos e atraccións. Soamente falta túa colaboración.

